



BOP

SÁBADO, 7 DE DECEMBRO DE 2019

N.º 280

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 25 de novembro de 2019 do Servizo Provincial de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras do "Proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, treito A Pobra de San Xiao-Sarria centro, puntos quilométricos 13+500-24+000" de clave "LU/17/005.01". Concellos de O Páramo e Sarria.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

Con data 20 de setembro de 2019, a Axencia Galega de Infraestruturas resolveu aprobar o "Proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, treito A Pobra de San Xiao-Sarria centro, puntos quilométricos 13+500-24+000" de clave "LU/17/005.01"

Con data de 31 de outubro de 2019 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo "Proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, treito A Pobra de San Xiao-Sarria centro, puntos quilométricos 13+500-24+000", de clave "LU/17/005.01" nos concellos de O Páramo e Sarria, por Decreto 143/2019, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 218 de data de 15 de novembro de 2019.

A tramitación do expediente expropiatorio debe de axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta Consellería, publicada no DOG nº179 do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de O Páramo e Sarria, para que comparezan no lugar, data e hora que se detalla a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Lugar: Salón de plenos do Concello de O Páramo

Data: 13 de xaneiro de 2020

Horario: de 9,30 a 13,30 horas

De: Álvarez López Manuel (herdeiros de) a Seijido Pereiro José (herdeiros de)

Lugar: Salón de plenos do Concello de Sarria

Data: 15 de xaneiro de 2020

Horario: de 9,30 a 14,00 horas

De: Arias Díaz, Evangelina a Paz López Mª Ángeles

Lugar: Salón de plenos do Concello de Sarria

Data: 16 de xaneiro de 2020

Horario: de 9,30 a 13,00 horas

De: Pérez Torres Antonio a Vázquez Vázquez, Pedro

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos nos concellos de O Páramo e Sarria e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 – 27071 Lugo).

Así mesmo realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente, ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade e o último recibo da contribución, así como certificado de conta cos códigos IBAN E BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar á súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

Lugo, 25 de novembro de 2019.- O xefe do Servizo Provincial, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3676

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Excma. Deputación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezanove, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2020, e documentación que se acompaña; exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, durante os cales admitiránse reclamacións aos mesmos, transcorrido dito prazo sen que se presentaran reclamacións entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, cinco de decembro de dous mil dezanove.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA XERAL**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3712

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

No pleno do 7 de outubro de 2019 aprobase inicialmente o Regulamento Orgánico do concello de Barreiros, e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DE BARREIROS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Barreiros debe afrontar nos vindeiros tempos un intenso labor de acondicionamento, mellora e ampliación do marco normativo municipal. Os cambios lexislativos en ámbitos superiores e a adecuación aos avances técnicos obrigan a revisar algunhas das normas municipais. Pero ademais, o goberno municipal quere modernizar o funcionamento do Concello, co propósito de facelo máis eficaz, máis eficiente, máis transparente e máis participativo.

Neste senso, o presente regulamento pretende dotar o Concello dun marco orgánico e de funcionamento, que asegure o bo facer dos órganos políticos da institución, así como a súa transparencia e apertura cara á veciñanza. O obxectivo é mellorar o funcionamento do Concello, e que iso teña reflexo na mellora da calidade dos servizos que presta e no aseguramento da democracia local.

O regulamento contén un título preliminar, onde se fixa o marco competencial no cal se inscribe. Posteriormente o título primeiro recolle cales son os diferentes órganos de carácter político existentes no Concello de Barreiros. O título segundo desenvolve as competencias que asume cada un dos órganos da institución. Namentres o título terceiro contén os artigos que regulan o funcionamento dos órganos colexiados, nomeadamente do pleno da corporación. Por último, no título cuarto desenvólvese o estatuto que regula ós membros da corporación, mentres o sexto asegura a participación veciñal nos asuntos locais e permite avanzar cara a unha democracia verdadeiramente participativa e centrada na veciñanza.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Potestade.

O Concello de Barreiros promove, por medio do presente Regulamento, a súa organización interna e funcionamento, no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que recoñece o artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

Artigo 2. Regulación orgánica.

As normas que contén este Regulamento orgánico e de funcionamento adaptan o disposto no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais (en diante ROF), ás peculiaridades do funcionamento do noso Concello e, no seu caso, completa aquilo non previsto na devandita disposición.

En consecuencia, no non previsto na presente norma, será de aplicación o ROF. Nembargantes, en caso de contradición, ten preferencia o establecido neste Regulamento Orgánico Municipal.

Artigo 3. Prelación de fontes.

A organización e o funcionamento dos órganos da Corporación réxense polas seguintes normas:

- a) A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- b) A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- c) O Regulamento orgánico da Corporación
- d) O regulamento que desenvolva nesta materia a Lei de administración local de Galicia
- e) O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Artigo 4. Regulamentos complementarios.

O Pleno da Corporación poderá aprobar tanto os regulamentos dos órganos complementarios do Concello, coma os regulamentos de participación veciñal, que terán o carácter de complementarios deste Regulamento orgánico.

Os regulamentos complementarios requiren o mesmo quórum ca este, e aprobaranse por idéntico procedemento.

TÍTULO I. ORGANIZACIÓN

Artigo 5. Dos órganos básicos de decisión.

1.- A organización do Concello de Barreiros ten como órganos básicos de decisión o Pleno do Concello, a Alcaldía-Presidencia, a Xunta de Goberno Local, as Tenencias da Alcaldía e as Concellerías delegadas.

2.- O Pleno do Concello constitúeno o Alcalde ou Alcaldesa e todas as concelleiras e concelleiros elixidos nas eleccións municipais. Trátase do máximo órgano do Concello.

3.- A Xunta de Goberno Local, presidida polo Alcaldía-Presidencia, estará integrada por un número de concelleiros e concelleiras, non superior ao terzo legal da corporación, concretado pola Presidencia. As persoas que forman parte da mesma son nomeadas e separadas libremente polo Alcalde ou Alcaldesa, dando conta ao Pleno do Concello.

4.- As Tenencias de Alcaldía son nomeadas e separadas polo Alcalde ou Alcaldesa entre as persoas que compoñen a Xunta de Goberno Local, dando conta ao Pleno para o seu coñecemento, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

5.- As Concellerías e Concelleros con delegación son nomeadas e separadas libremente pola Alcaldía entre as persoas que compoñen a Corporación.

Artigo 6. Dos demais órganos básicos.

1.- Tamén é un órgano básico do Concello a Comisión Especial de Contas, prevista no artigo 116 da Lei reguladora das bases de réxime local.

2.- Esta comisión estará formada por un número máximo de cinco concelleiros e concelleiras, segundo estableza o Pleno.

Os seus postos serán asignados aos Grupos municipais segundo os seguintes criterios:

- a) Todos os grupos políticos con representación no Concello terán dereito a ter representación.
- b) Manterase a proporcionalidade ponderada que existe no pleno municipal, consonte os resultados das eleccións municipais.
- c) Garantírase a maioría absoluta do Goberno municipal, sempre que a teña no Pleno, mesmo aplicando o voto de calidade da Alcaldía.

Artigo 7. Dos órganos complementarios.

1.- Son órganos complementarios da organización do Concello as Comisións Informativas creadas polo Pleno, a Xunta de Portavoces, as Comisións Especiais e as Comisións de Investigación.

2.- As Comisións Informativas de estarán integradas pola Alcaldía-Presidencia máis os membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación proporcionalmente á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo, e cuxo caso se aplicará o sistema de voto ponderado.

No caso de existir grupo mixto, participarán nas comisións todas as persoas que o compoñan, sendo obrigatorio o sistema ponderado na emisión do voto. Integraranse tamén neste órgano os concelleiros e concelleiras que teñan a condición de non adscritos, nas mesmas condicións que as persoas do Grupo Mixto.

3.- A Xunta de Portavoces estará formada polo Alcalde ou Alcaldesa e polas portavocías dos Grupos municipais.

4.- As Comisións Especiais serán creadas por acordo do Pleno para o estudo de temas concretos de especial interese. A súa composición terá en conta os criterios establecidos para a Comisión Especial de Contas.

5.- As Comisións de Investigación crearanse por acordo do Pleno cando sexa precisa a investigación dalgún asunto concreto de especial gravidade ou relevancia. A súa composición terá en conta os criterios establecidos para a Comisión especial de contas.

Artigo 8. Dos restantes órganos do Concello.

1.- Son tamén órganos do Concello os Grupos municipais e as súas Portavocías.

2.- Á parte dos órganos citados, o Concello poderá dotarse doutros de carácter sectorial ou específico, como pode acontecer cos consellos municipais relacionados coa lingua ou coa participación veciñal. Estes órganos serán regulados pola normativa relativa a cada materia.

3.- Os Grupos municipais poderanse formar polos concelleiros e concelleiras que resultasen electos en cada unha das candidaturas con representación no Concello.

Á hora da súa configuración rexeranse polas seguintes indicacións:

a) O número mínimo dos seus membros será de dúas persoas.

b) Os concelleiros e concelleiras elixidas en candidaturas que só tivesen un representante poderán constituirse en grupo propio se así o solicitan ao pleno. En caso contrario pasarán a integrar o Grupo mixto.

c) As persoas dunha mesma candidatura non poderán formar máis dun Grupo municipal.

d) Os concelleiros e concelleiras que non se integren no Grupo municipal da súa candidatura, ou que a abandonen, serán considerados non adscritos/as.

A consideración dun concelleiro ou concelleira como non adscrito/a non menoscabará, en ningún caso, os dereitos e obrigas que en canto a participación na organización municipal corresponde a todo concelleiro e concelleira, de acordo co artigo 20 da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

Singularmente, os concelleiros e concelleiras non adscritos terán o dereito de asistir ás comisións informativas convocadas de acordo co previsto neste regulamento, e terán nelas dereito de voto.

As persoas que pasen a formar parte da Corporación con posterioridade á sesión constitutiva deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista que propiciou a súa elección, ou, no seu caso, ao Grupo mixto. De non integrarse en ningún dos grupos existentes, adquirirán a condición de concelleira/o non adscrita/o.

4.- As Portavocías, e no seu caso os seus suplentes, serán elixidos polo Grupo municipal de entre as persoas que os compoñen. No Grupo mixto poderase considerar a todas as persoas que o componen como Portavoces, repartíndose os tempos de intervención ou actuando unha delas como portavoz conxunto, se así o decidiren.

5.- Os grupos políticos municipais constituiranse mediante escrito dirixido á Presidencia e subscrito por todas as persoas integrantes, que se presentará no Rexistro xeral do Concello dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Poderá outorgarse por parte da Alcaldía-Presidencia unha prórroga de tres días hábiles para tal efecto. Transcorrido ese novo prazo, de non constituírse en grupo, as concelleiras e concelleiros pasarán ao Grupo mixto.

6.- No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de Portavoz do Grupo municipal, podéndose designar cantas suplencias se desexe, por orde de designación. A Portavocía de cada Grupo será a encargada de intervir normalmente na deliberación dos asuntos. Nembargante, poderase matizar que por razóns das materias, se delegue a exposición dos asuntos, votos particulares etc., a favor de calquera membro do Grupo.

Da constitución dos grupos políticos, das persoas que os integran e das Portavocías, a Presidencia dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

7.- As modificacións respecto á Portavocía ou suplencias serán efectivas desde a presentación do escrito no Rexistro xeral. En consecuencia, na vindeira sesión plenaria que se celebre fixarase a toma de coñecemento como

punto da orde do día, logo da aprobación da acta, se a houber. O Grupo mixto poderá establecer unha quenda rotativa para o desempeño da función de Portavoz.

8.- Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa do Concello, poñerase a disposición dos grupos políticos municipais unha infraestrutura mínima de medios, na Casa do Concello ou nun inmovible próximo pertencente ao Concello. Esta infraestrutura poderá ser común para todos os grupos políticos.

Previa solicitude á Alcaldía, os grupos políticos municipais terán dereito ao uso dos locais municipais destinados a xuntanzas, sempre que estean dispoñibles. Os mesmos dereitos asisten ao Grupo mixto, independentemente de cantos concelleiros e concelleiras o conformen, debendo os seus membros compartir os medios á súa disposición.

TÍTULO II: COMPETENCIAS

Capítulo I. Competencias dos órganos básicos.

Artigo 9.- Das competencias do Pleno.

O Pleno do Concello exerce as atribucións e competencias que lle confire a vixente lexislación en materia de réxime local e demais normas pertinentes, así como cantas outras lle atribúan as disposicións xerais ou sectoriais.

Artigo 10.- Das competencias da Alcaldía.

1.- A alcaldía exerce as atribucións e competencias establecidas na lexislación vixente, no presente regulamento, así como cantas outras lle correspondan de acordo coa lexislación xeral e sectorial. Tamén asumirá todas as competencias que non estean expresamente atribuídas a outros órganos, podendo, nos casos legalmente establecidos, conferir delegacións xerais ou específicas na forma establecida na vixente lexislación.

Corresponde ao Alcalde ou Alcaldesa a presidencia de todos os órganos municipais. Agás nos casos do Pleno e da Xunta de Goberno Local, poderá delegar a presidencia dos demais órganos municipais. Como Presidente ou Presidenta dos órganos colexiados, asegura o cumprimento das leis e a regularidade das deliberacións e votacións, podendo suspendelas por causa xustificada.

2.- Corresponde así mesmo ao Alcalde ou Alcaldesa o nomeamento das persoas que integran a Xunta de Goberno Local e, entre eles, das Tenencias de Alcaldía, dando conta, en ambos os dous casos, ao Pleno.

3.- O Alcalde ou Alcaldesa dará conta á Corporación en cada sesión ordinaria do Pleno das resolucións que adoptara despois da última sesión plenaria ordinaria, para que os concelleiros e concelleiras coñezan o desenvolvemento das actuacións municipais, a efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, segundo o previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985.

4.- No caso de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde ou Alcaldesa non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda sen antes ter expresa delegación, segundo o previsto no artigo 47 do ROF. A delegación surtirá efectos desde a data que dispoña o propio decreto e darase conta aos membros da Corporación, a través da comunicación escrita ao portavoz de cada grupo político e, no seu caso, aos concelleiros e concelleiras non adscritos. Darase publicidade do decreto de delegación a través do taboleiro de anuncios.

5.- Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o Alcalde ou Alcaldesa se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas, sen ter confirmada a delegación, ou cando por causa imprevista lle fose imposible outorgala, substituiríao nas súas funcións o Tenente de Alcalde ou Alcaldesa a quen corresponda, dando conta ao resto da Corporación a través de comunicación escrita ás portavocías dos grupos políticos e aos concelleiros e concelleiras non adscritas. Darase publicidade da resolución a través do taboleiro de anuncios.

Artigo 11.- Das competencias da Xunta de Goberno Local.

1.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións
- b) As atribucións que a Alcaldía, de forma expresa, lle delegue dentro do establecido pola lexislación vixente, sen prexuízo de que por razóns de urxencia ou por necesidade da xestión municipal, poidan ser exercidas polo Alcalde ou Alcaldesa, dando conta á Xunta de Goberno Local no menor tempo posible.
- c) As atribucións que o Pleno, de forma expresa, lle delegue dentro do establecido pola lexislación vixente.
- d) En caso de urxencia, a Xunta de Goberno Local poderá adoptar acordos sobre materias reservadas á competencia do Pleno e que non esixan maioría absoluta, dando conta ao propio Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación se procedese.

2.- Os acordos da Xunta de Goberno Local, dentro da esfera da súa competencia e atribucións, son executivos e teñen a mesma eficacia cós do Pleno.

Artigo 12.- Das competencias das Tenencias da Alcaldía.

As Tenencias de Alcaldía exercen as delegacións que lles confira o Alcalde ou Alcaldesa, e asumen a súa substitución, pola orde do seu nomeamento, no caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera orde.

Artigo 13.- Das competencias dos Concelleiros delegados ou Concelleiras delegadas.

1.- O Alcalde ou Alcaldesa, nos termos previstos na Lei 7/1985, poderá delegar nos Concelleiros ou Concelleiras o exercicio das súas atribucións.

2.- A delegación será efectiva desde o momento da notificación persoal ao Concelleiro delegado ou Concelleira delegada. Os documentos que deban asinar os Concelleiros delegados ou Concelleiras delegadas no exercicio da súa delegación deixarán constancia da data de aprobación e do número de decreto no que recibiron a dita delegación.

Capítulo II. Competencias dos demais órganos básicos.

Artigo 14.- Das competencias da Comisión Especial de Contas.

Dentro das atribucións como Comisión Especial de Contas correspóndelle:

- a) O exame e o informe das contas anuais e dos orzamentos municipais.
- b) Calquera asunto de índole económica que a Presidencia ou a Xunta de Goberno Local sometan ao seu ditame.

Capítulo III.- Competencias dos órganos complementarios.

Artigo 15.- Das competencias da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

Dentro das atribucións como Comisión Informativa correspóndelle o ditame sobre calquera asunto que deba de ser sometido á decisión do Pleno. Exceptúanse do seu coñecemento as actas das sesións, os asuntos declarados de urxencia e as cuestións de mero trámite non susceptibles de produciren deliberación.

Artigo 16.- Das competencias da Xunta de Portavoces.

- 1.- A Xunta de Portavoces reunirse, logo da súa convocatoria por parte do Alcalde ou Alcaldesa, cando sexa necesario para estudar cales poden ser as liñas xerais de actuación en temas determinados de interese municipal.
- 2.- A Xunta tamén poderá ser convocada polo Alcalde ou Alcaldesa antes da formación da orde do día para a convocatoria dun Pleno.

Artigo 17.- Das competencias das Comisións Especiais.

As Comisións Especiais estudarán e debaterán exclusivamente sobre os asuntos para os que foron creadas. Como resultado do seu traballo poderán elevar propostas de resolución ao órgano competente para a súa resolución.

Artigo 18.- Das competencias das Comisións de Investigación.

As Comisións de Investigación estudarán e investigarán exclusivamente sobre os asuntos para os que foron creadas. Como resultado do seu traballo poderán elevar propostas de resolución ao órgano competente para a súa resolución.

Capítulo IV.- Competencias dos restantes órganos do Concello.

Artigo 19.- Das competencias dos Grupos municipais.

Os Grupos municipais son órganos de fixación de postura dos seus membros. Os Grupos elixen e separan libremente as portavocías comunicando ao Pleno calquera variación, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

Artigo 20.- Das competencias das Portavocías.

As/os Portavoces interveñen nos debates en nome do seu Grupo e expresan a motivación e vontade daquel. Forman, coa Alcaldía, a Xunta de Potavoces.

TÍTULO III: FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS COLEXIADOS

Capítulo I.- Funcionamento do Pleno.

Artigo 21.- Da periodicidade das sesións.

1.- O Pleno reúnese con carácter ordinario unha vez cada dous meses, na data que e hora que acorde o mesmo na súa sesión de organización, a proposta da Alcaldía. A data concreta de celebración seralle comunicada ás Portavocías xunto coa convocatoria da comisión informativa correspondente, con una antelación mínima de 48 horas á celebración da Comisión informativa correspondente.

2.- Celebraranse sesións extraordinarias cando sexan convocadas de acordo co previsto na lexislación vixente.

3.- Poderá, así mesmo, celebrar sesións extraordinarias de urxencia por causa debidamente xustificada, tendo que ser ratificada a urxencia polo propio Pleno.

Artigo 22.- Da convocatoria das sesións.

1.- Correspóndelle á Alcaldía convocar todas as sesións do Pleno, agás cando perante a solicitude de sesión extraordinaria efectuada por, polo menos, a cuarta parte do número legal de membros da Corporación, a Presidencia non a convocara no prazo de 15 días. Nese caso o Pleno extraordinario ficará automaticamente convocado ás doce horas do décimo día hábil seguinte ao de finalización do dito prazo de 15 días, o cal será notificado pola Secretaría da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte da finalización dese prazo.

2.- As sesións ordinarias e extraordinarias deberán ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles.

3.- As sesións de urxencia deberán ser convocadas coa antelación mínima necesaria para garantir a asistencia de todos os concelleiros e concelleiras, agás que circunstancias especiaisísimas o impidan.

4.- Á convocatoria das sesións do Pleno, así como das Comisións informativas, acompañaráselle a orde do día coa suficiente descrición dos asuntos que se han tratar.

5.- Xunto á orde do día, no momento da convocatoria, ficará a disposición dos membros da Corporación toda a documentación dos asuntos que deba servir de base para o debate e, no seu caso, votación. A posta a disposición da documentación realizarase desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Corporación.

6.- A notificación da convocatoria das sesións do Pleno, así como das Comisións informativas, poderá realizarse por medios telemáticos que deixen acreditada a súa práctica. Para este fin, todos os concelleiros e concelleiras da Corporación deberán facilitarlle á Secretaría un enderezo electrónico habilitado ao efecto.

7.- A convocatoria para unha sesión ordinaria ou extraordinaria dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que deberá constar:

a) A relación de expedientes que a Secretaría prepare e poña a disposición da Alcaldía ou Presidencia

b) A fixación da orde do día polo Alcalde ou Alcaldesa

c) As copias das notificacións cursadas aos membros da Corporación

d) A copia do anuncio do taboleiro de edictos do Concello

e) A minuta da acta

f) A copia dos oficios de revisión dos acordos adoptados nas Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma

g) A publicación dos acordos no taboleiro de edictos

8.- As convocatorias das sesións plenarias e sesións informativas poderán recibirse (e en consecuencia entenderanse efectivamente notificadas) polo persoal designado por cada grupo municipal ao efecto, ben persoalmente, ben de xeito telemático. Para que este persoal poida recibir as convocatorias debe ser expresamente autorizado, e así se comunicará por escrito á Secretaría xeral, a través do Rexistro xeral do Concello. No suposto de existir concelleiros ou concelleiras non adscritos, notificaráselles no enderezo habilitado para a notificación telemática, utilizándose este medio con carácter preferente ao presencial.

9.- Para o exame dos expedientes, a documentación poñerase a disposición dos concelleiros e concelleiras por medios telemáticos sempre que sexa posible. En caso contrario, estará a disposición baixo custodia de Secretaría, desde o momento da convocatoria das Comisións informativas ata a súa celebración, e desde a convocatoria do Pleno ata o momento da súa celebración, en horario de atención ao público.

Os concelleiros e concelleiras terán dereito a examinar, e mesmo, a obter copias dos documentos que conformen os expedientes e cantos antecedentes se relacionen cos asuntos da orde do día.

Artigo 23.- Da constitución do Pleno.

1.- Para a válida constitución do Pleno deberán estar presentes como mínimo un terzo persoas que o compoñen e nunca menos de tres.

2.- Deberán estar presentes o Presidente/a e o Secretario/a, ou quen legalmente os substitúa.

3.- Se non se acadase o quórum necesario, a sesión entenderase convocada automaticamente para a mesma hora do segundo día posterior. De non acadarse de novo o quórum, quedará sen efecto a convocatoria.

Artigo 24.- Da unidade do acto.

1.- Toda sesión debe respectar o principio de unidade de acto, salvo circunstancias especiais extraordinarias.

2.- Procurarase que o Pleno remate no mesmo día en que comece. De rematar o día sen que finalizase a sesión, a Alcaldía poderá levantala ou permitir a súa continuación ata completar o estudo da orde do día, previa xustificación da excepcionalidade e acordo do pleno ao respecto. No caso de levantala, os asuntos non debatidos deberán ser incluídos na orde do día da seguinte sesión.

3.- Durante o transcurso da sesión a Presidencia poderá acordar, por iniciativa propia ou a proposta dalgunha Portavocía, interrupcións para permitir a deliberación dos Grupos por separado, ou para descanso nos debates.

Artigo 25.- Da publicidade das sesións.

1.- As sesións do Pleno da Corporación serán públicas. Soamente serán secretos, cando así se decida por maioría absoluta, o debate e a votación dos asuntos que poidan afectar aos dereitos fundamentais da cidadanía a que se refire o artigo 18.1 da Constitución.

2.- A convocatoria das sesións do Pleno porase en coñecemento público mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e tamén naqueles outros habilitados por todo o Concello como puntos de información.

3.- Unha vez rematada a sesión, a Alcaldía poderá abrir unha rolda de intervencións por parte do público asistente, de conformidade co que dispoña o Regulamento de participación veciñal.

4.- Así mesmo, cando algunhas das asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas desexen efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día deberá solicitalo á Presidencia con vintecatro horas de antelación ao comezo da sesión. Coa autorización da Presidencia poderá, con anterioridade ao debate da proposta incluída na orde do día, expor o seu parecer durante un tempo máximo de cinco minutos e a través dunha única persoa representante. En caso de existir máis dunha entidade que manifeste o seu interese en tomar parte en dito punto, a Alcaldía disporá o reparto e o tempo máximo de intervencións, non podendo superar, no seu conxunto, os dez minutos.

5.- Todas as intervencións, xa foren por parte dos membros de Corporación, así como por parte dos representantes das entidades ou do público xeral, serán recollidas na acta do Pleno.

6.- As actas das sesións do Pleno faranse públicas, cando menos, na páxina web municipal, unha vez sexan aprobadas. Igualmente as actas aprobadas serán postas a disposición da corporación por medios telemáticos.

7.- As sesións do Pleno poderán ser gravadas con medios audiovisuais, para a súa difusión pública.

Artigo 26.- Da orde da sesión.

1.- As sesións comezarán, no seu caso, coa aprobación da acta ou actas anteriores.

2.- Os asuntos da orde do día debateranse e votaranse na orde en que se atopen nela.

3.- A Presidencia poderá alterar a orde dos temas ou retirar un asunto cando para a súa aprobación se esixa unha maioría especial e non puidese obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.

4.- Calquera concelleiro ou concelleira poderá pedir a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, ou solicitar que quede pendente para a próxima sesión plenaria. En ambos os dous casos, a petición será votada tras o debate antes da votación sobre o fondo do asunto. Se a petición acadase a maioría simple, non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

5.- Nas sesións ordinarias a orde do día terá dúas partes diferenciadas: a dispositiva e a de control. Está última incluírá a comunicación pola Alcaldía dos decretos ditados dende a anterior sesión ordinaria, así como os rogos e preguntas.

6.- Nas sesións ordinarias, unha vez rematado o exame dos asuntos incluídos na orde do día, e antes de pasar á parte de control, a Presidencia preguntará se algún Grupo político desexa someter á consideración do Pleno algún asunto de urxencia que non estivese naquela e que non teña cabida no apartado de rogos e preguntas, debendo ser sometida a consideración da Corporación a urxencia da mesma con carácter previo ao debate do fondo do asunto.

7.- No caso de asuntos non incluídos na orde do día que requiran informe preceptivo de Secretaría ou Intervención e non puidese ser emitido no acto, a persoa titular das ditas funcións deberá solicitar da Presidencia que se aprace o estudo, ficando sobre a mesa ata a seguinte sesión plenaria.

Artigo 27.- Das actas anteriores.

1.- En caso de que non houbese obxeccións aos borradores das actas das sesións anteriores consideraranse aprobadas. Se as houber, debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan.

2.- En ningún caso poderá cambiarse o fondo dos acordos adoptados, podendo só corrixirse os erros materiais ou de feito.

Artigo 28.- Do tratamento de cada punto.

1.- A consideración de cada punto comezará coa lectura íntegra ou en extracto da proposta ou proposición de acordo.

2.- A petición de calquera Grupo darase lectura íntegra ás partes do expediente, informe ou ditame que se consideren convenientes.

Artigo 29.- Dos debates.

1.- Se ninguén solicita o uso da palabra, o asunto someterase directamente a votación.

2.- Se se promove o debate, as intervencións serán ordenadas pola Presidencia, de acordo coas seguintes regras:

a) O debate iniciárase coa exposición e xustificación da proposta, a cargo de quen a subscriba, en nome propio ou do colectivo ou órgano proponente.

b) A continuación os Grupos municipais disporán dunha quenda de cinco minutos nos que poderán debater sobre a proposta e, no seu caso, sobre as emendas presentadas. A orde de intervención dos Grupos será de maior número de membros a menor. No caso de igualdade en número de concelleiros e concelleiras, intervirá antes quen tivese maior número de votos electorais.

c) Se algún Grupo o solicitar, procederase a unha segunda quenda de tres minutos por Grupo, na mesma orde establecida.

d) Se no transcurso do debate algún Grupo presentase unha emenda “in voce”, o voceiro ou voceira do dito Grupo disporá de dous minutos para xustificala, podendo os restantes Grupos debatela en quendas de dous minutos, tomando ó remate a palabra o autor da emenda para ratificala, modificala ou retirala.

e) Rematadas as intervencións dos Grupos pecharase o debate cunha breve intervención do poñente quen ratificará ou modificará a súa proposta.

f) A Alcaldía- Presidencia poderá tomar a palabra para a exposición de conclusións unha vez finalizada a quenda de debate, previa á votación do asunto.

3.- Só poderá facerse uso da palabra, previa autorización da Presidencia.

4.- Durante o debate non se permitirá ningunha intervención para chamar á orde ou á cuestión, agás as da Presidencia.

5.- Se no transcurso do debate algún concelleiro ou concelleira se vise directamente aludido/a por unha intervención poderá solicitar da Presidencia unha quenda por alusións, que será breve e concisa.

6.- En calquera momento do debate, e sen interromper a intervención en curso, os concelleiros e concelleiras poderán suscitar unha cuestión de orde indicando expresamente o precepto ao cal se acollen. A dita cuestión será resolta pola Presidencia.

7.- Os funcionarios e funcionarias responsables de Secretaría ou da Intervención poderán intervir cando fosen requiridos pola Presidencia por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Se no transcurso do debate entendesen que pode dubidarse da legalidade dalgunha proposta feita ou da súa repercusión orzamentaria, poderán solicitar da Presidencia o uso da palabra para asesorar á Corporación.

8.- Nos debates sobre a aprobación do Orzamento municipal e do Plan Xeral de Ordenación Municipal, as quendas a que se refiren os parágrafos b) e c) do punto 2 deste artigo serán de dez e cinco minutos respectivamente.

Artigo 30.- Chamamento á orde.

1.- A Presidencia chamará á orde a calquera membro da Corporación que:

a) Profira palabras ou conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

b) Produza interrupcións ou de calquera outro xeito altere a orde da sesión.

c) Pretenda facer uso da palabra sen que se lle concedese ou despois de serlle retirada.

2.- Na segunda chamada á orde a unha mesma persoa, a Presidencia advertirlle que de producirse unha terceira ordenará a súa expulsión do Pleno.

3.- No caso da terceira chamada á orde a Presidencia ordenará á persoa afectada que abandone o Salón de sesións, adoptando a tal fin as medidas necesarias.

Artigo 31.- Chamamento á cuestión.

1.- A Presidencia poderá chamar á cuestión ao concelleiro ou concelleira que no transcurso do debate se afaste eventualmente do tema de que se trate e que centre a súa intervención noutros temas diferentes do que se estuda.

2.- Se a persoa afectada non fixese caso do requirimento ou non xustificase axeitadamente a pertinencia da súa intervención, será advertida pola Presidencia que de continuar na súa actitude se lle retirará o uso da palabra.

Artigo 32.- Das votacións.

1.- Rematado o debate e antes de comezar a votación, a Presidencia presentará os termos da votación e o xeito de emitir o voto.

2.- Unha vez comezada a votación non poderá interromperse por ningún motivo. Durante a mesma a Presidencia non concederá o uso da palabra, e ningún concelleiro ou concelleira poderá entrar ou saír do salón. Se algunha das persoas se ausenta do salón plenario con carácter previo á votación dun asunto, tendo tomado parte do mesmo, o voto computarase como abstención.

3.- Rematada unha votación ordinaria a Presidencia declarará o acordado.

4.- Rematada unha votación nominal, o Secretario ou Secretaria computará os sufraxios emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, tras o cal a Presidencia proclamará o acordo adoptado.

Artigo 33.- Da explicación de voto.

Proclamado o acordo, poderán solicitar unha quenda de palabra para explicar o sentido do seu Grupo, por tempo máximo de dous minutos:

- a) A Portavocía dos Grupos que non interviran no debate.
- b) A Portavocía dos Grupos que tras o debate mudasen o sentido do seu voto.
- c) Os membros dun Grupo que votasen nun sentido diferente á postura fixada polo seu propio Grupo e exposta pola súa Portavocía.

Artigo 34.- Dos rogos.

1.- Darase lectura aos rogos presentados por escrito antes da sesión. A persoa autora poderá explicar o seu contido durante dous minutos, podendo a Presidencia ou o Concelleiro ou Concelleira con delegación aludido darlle contestación en igual tempo.

2.- O concelleiro ou concelleira que faga un rogo oralmente durante o Pleno disporá de dous minutos para formulalo, e a Presidencia ou o Concelleiro ou Concelleira con delegación a quen corresponda terá outros dous minutos para lle dar resposta.

3.- En ningún caso a presentación dun rogo dará lugar a debate ou intervención doutros concelleiros ou concelleiras que non sexan quen o formula e o membro do Goberno que responda, agás en casos de alusións.

Artigo 35.- Das preguntas.

1.- Darase lectura e contestación na propia sesión plenaria ás preguntas presentadas por escrito con unha antelación mínima de 24 horas antes da celebración da sesión. A persoa autora poderá explicar o seu contido durante dous minutos, podendo a Presidencia ou o concelleiro ou concelleira preguntados darlle contestación en igual tempo. A continuación, quen fixo a pregunta e a persoa preguntada poderán intervir novamente por espazo de dous minutos cada un.

2.- O concelleiro ou concelleira que faga unha pregunta oralmente durante o Pleno disporá de dous minutos para formulala e a Presidencia ou o concelleiro ou concelleira a quen corresponda doutros dous para lle dar resposta. A continuación, quen fixo a pregunta e a persoa preguntada poderán intervir novamente por espazo de dous minutos cada un.

3.- En ningún caso a presentación dunha pregunta dará lugar a debate ou intervención doutros concelleiros ou concelleiras que non sexan quen a formula e o membro do Goberno que responda, agás en casos de alusións.

Artigo 36.- Do debate na elección do Alcalde ou Alcaldesa.

1.- Constituída a Corporación como consecuencia da celebración de eleccións municipais, as persoas candidatas á Alcaldía disporán dunha quenda de cinco minutos para expor o seu programa de goberno, intervindo por orde de maior a menor segundo o número de votos acadados nas eleccións.

2.- Rematadas ditas intervencións, concederáselle unha quenda de tres minutos a unha Portavocía elixida ao efecto de cada unha das listas electorais que acadasen representación no Concello.

3.- A Presidencia concederá de novo a palabra a cada un das persoas candidatas, pola orde establecida, por espazo de dous minutos, ao remate do cal se precederá á votación.

4.- Rematada a elección, o Alcalde ou Alcaldesa electo poderá dirixirse ás persoas presentes por un tempo de oito minutos, e a continuación farano os representantes dos demais grupos, por espazo de cinco minutos, sen que estas intervencións poidan supor volver ao debate xa rematado.

Artigo 37.- Do debate na moción de censura.

1.- Os Grupos políticos e as concelleiras e concelleiros poderán exercer o seu dereito a presentar unha moción de censura, consonte o procedemento establecido na normativa vixente.

2.- Durante o Pleno de debate da moción de censura, a Presidencia, tras dar lectura ao contido da moción, dará a palabra á persoa candidata á Alcaldía proposto na moción, quen, durante un tempo de cinco minutos, exporá as causas da polas cales se presenta e cal é o seu programa de goberno.

3.- A continuación o Alcalde ou Alcaldesa disporá doutros cinco minutos para explicar a súa xestión e rebater, se o estimar oportuno, os motivos da moción de censura.

4.- Intervirán, a seguir, os voceiros ou voceiras dos Grupos na orde establecida en quenda de tres minutos.

5.- A persoa candidata e o Alcalde ou Alcaldesa disporán dunha nova quenda de dous minutos, tras a cal os Grupos poderán intervir de novo, durante dous minutos cada un.

6.- A persoa candidata e o Alcalde ou Alcaldesa terán dereito a unha última intervención de dous minutos cada unha.

Artigo 38.- Do debate na cuestión de confianza.

1.- O Grupo de goberno e a Alcaldía poderán exercer o seu dereito a presentar unha moción de confianza, consonte o procedemento establecido na normativa vixente.

2.- A sesión do debate da moción de confianza comezará cunha intervención do Alcalde ou Alcaldesa de cinco minutos, na que exporá os motivos da presentación da cuestión e defenderá a súa xestión.

3.- Intervirán a continuación as portavocías dos Grupos, segundo a orde establecida, por un tempo de tres minutos cada un.

4.- A continuación o Alcalde ou Alcaldesa intervirá por un tempo máximo de dous minutos, seguido dunha nova quenda de dous minutos das portavocías.

5.- Rematará o debate cunha última intervención do Alcalde ou Alcaldesa, por un tempo de tres minutos, procedéndose á votación.

6.- Rematada a votación, poderá haber unha quenda de explicación de voto nos supostos establecidos no artigo 33.

Artigo 39.- Do debate sobre o estado do Concello.

1.- Unha vez ao ano poderá celebrarse un Pleno extraordinario para debater sobre o estado do Concello.

2.- Previamente á súa celebración, a Alcaldía remitirá ás Portavocías dos Grupos municipais unha comunicación na que exporá os puntos da xestión que quere destacar.

3.- O debate comezará cunha intervención da Alcaldía, dunha duración máxima de dez minutos.

4.- Intervirán a continuación as portavocías dos Grupos, consonte a orde establecida, durante un tempo de oito minutos cada un.

5.- A Alcaldía disporá dun tempo de oito minutos e a continuación haberá unha nova quenda de catro minutos para cada unha das portavocías.

6.- A Presidencia rematará o debate cunha intervención dun máximo de seis minutos.

7.- Rematado o debate, poderanse presentar rogos.

Artigo 40.- Do debate nas sesións de control.

1.- O debate comezará coa intervención dun dos concelleiros ou concelleiras que solicitase o control da Xunta de Goberno Local, do Alcalde ou Alcaldesa, ou dun Concelleiro ou Concelleira con delegación, por espazo de cinco minutos, nos que exporá os motivos polos cales solicitou o control, e fará as preguntas que estime oportunas.

2.- O Alcalde ou Alcaldesa, o concelleiro ou concelleira, ou a persoa representante do Goberno do Concello daralle resposta por un tempo de cinco minutos.

3.- Intervirán a continuación as persoas portavoces dos Grupos municipais, pola orde habitual, durante un tempo de cinco minutos cada un.

4.- Intervirá novamente un representante dos solicitantes durante tres minutos, ó que seguirá un novo tempo de tres minutos para a resposta da persoa interpelada.

Capítulo II: Funcionamento da Xunta de Goberno Local.

Artigo 41.- Composición.

1.- A Xunta de Goberno Local estará integrada pola Alcaldía, e ata tres concelleiros e concelleiras, que serán nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno.

2.- A Xunta de Goberno Local estará asistida pola Secretaría xeral da Corporación, que terá que:

a) Recompilar do resto de departamentos municipais a información e documentación dos asuntos que se vaian tratar e poñela a disposición dos membros da Xunta.

b) Asesorar á Xunta na toma de decisións, naqueles aspectos legais e orzamentarios que así o precisen.

c) Levantar acta das deliberacións da Xunta.

Artigo 42.- O réxime de funcionamento.

O réxime de funcionamento adaptarase ao seguinte:

a) As sesións da Xunta de Goberno Local celebraranse cando sexan convocadas pola Alcaldía, podendo ser ordinarias, extraordinarias ou extraordinarias de urxencia.

b) O Pleno da Corporación establecerá a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

- c) Ademais dos seus membros, poderán asistir os concelleiros ou concelleiras, ou o persoal municipal ou externo que, pola natureza dos asuntos a tratar, sexan convocados ou invitados pola Alcaldía.
- d) O Alcalde ou Alcaldesa ordenará o debate segundo o seu prudente criterio.
- e) Cando a Xunta de Goberno Local exerza competencias delegadas polo Pleno será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa.

Capítulo III.- Funcionamento doutros órganos colexiados.

Artigo 43.- Das Comisións informativas.

- 1.- A Comisión Informativa reunirse con carácter previo aos Plenos para ditaminar os asuntos da súa orde do día e cando a convoque a Alcaldía.
- 2.- O seu funcionamento adaptarse ás seguintes particularidades:
- a) Se ninguén solicita o uso da palabra o asunto someterase directamente a votación.
- b) Se se promove debate, as intervencións serán ordenadas pola Presidencia de acordo coas seguintes regras:
- 1) Iniciarase coa exposición e xustificación da proposta a cargo de quen a subscriba, en nome propio ou do colectivo ou órgano proponente
- 2) A continuación os Grupos municipais disporán dunha quenda de dous minutos nos que poderán preguntar sobre a proposta e, no seu caso, sobre as emendas presentadas. A orde de intervención dos Grupos será de maior número de membros a menor. No caso de igualdade en número de concelleiros e concelleiras, intervirá antes quen tivese maior número de votos electorais.
- 3) Se no transcurso do debate algún grupo presentase unha emenda “in voce”, a persoa voceira do dito Grupo disporá de dous minutos para xustificala, podendo os restantes Grupos debatela en quendas de dous minutos, tomando ao remate a palabra a persoa autora da emenda para ratificala, modificala ou retirala.
- 4) Rematadas as intervencións dos Grupos pecharase o debate cunha breve intervención da persoa poñente, quen ratificará ou modificará a súa proposta.
- c) Só poderá facerse uso da palabra previa autorización da Presidencia.
- d) Durante o debate non se permitirá ningunha intervención, agás as da Presidencia para chamar á orde ou á cuestión.
- e) Se no transcurso do debate algún concelleiro ou concelleira se vise directamente aludido por unha intervención, poderá solicitar da Presidencia unha quenda por alusións, que será breve e concisa.
- f) En calquera momento do debate, e sen interromper a intervención en curso, os concelleiros e concelleiras poderán suscitar unha cuestión de orde indicando expresamente o precepto ao cal se acollen. A dita cuestión será resolta pola Presidencia.
- g) Os funcionarios e funcionarias responsables de Secretaría ou Intervención poderán intervir cando fosen requiridos pola Presidencia por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Se no transcurso do debate entendesen que pode dubidarse da legalidade dalgunha proposta feita ou da súa repercusión orzamentaria, poderán solicitar da Presidencia o uso da palabra para asesorar á corporación.
- h) Será de aplicación o establecido para o Pleno o relativo aos chamamentos á orde e á cuestión.

Artigo 44.- Da Xunta de Portavoces.

- 1.- A Xunta de Portavoces é un órgano de consulta e negociación política, sendo a súa misión a de asistir e asesorar á Alcaldía na súa condición de Presidente/a da sesión do Pleno, naqueles asuntos que estime de interese corporativo.
- 2.- A Xunta estará composta polo Alcalde ou Alcaldesa, que a presidirá, ou polo concelleiro ou concelleira en quen delegue, así como polos voceiros e voceiras ou os seus suplentes dos Grupos municipais constituídos.
- 3.- A Xunta de Portavoces reunirse cando así o convoque a Alcaldía, mediante decreto, que poderá ser notificado por medios telemáticos e/ou telefonicamente por razóns de urxencia.

Artigo 45.- Do funcionamento das Comisións Especiais e de Investigación.

- 1.- As Comisións Especiais e as de Investigación adaptarán o seu funcionamento ao establecido para as Comisións Informativas, naquilo que lles sexa de aplicación.
- 2.- O acordo de creación das ditas comisións poderá establecer as especialidades do seu funcionamento ou facultar aos seus membros para establecer as normas que as regulen.

Artigo 46.- Do funcionamento dos Grupos municipais.

Cada Grupo municipal establecerá as normas do seu funcionamento interno.

TÍTULO IV: ESTATUTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**Artigo 47.- Do dereito de participación.**

1.- Todos os membros da Corporación teñen o dereito e o deber de asistir con voz e voto ás sesión do Pleno e dos demais órganos Colexiados aos que pertencen.

2.- Os membros da Corporación poderán presentar no Rexistro de entradas do Concello, por si mesmos ou pola Portavocía que os represente, mocións ou propostas que se incluírán na orde do día da seguinte sesión ordinaria plenaria que se celebre. Do mesmo xeito, poderán formular rogos ou preguntas por escrito.

Artigo 48.- Do dereito á información.

1.- Todos os concelleiros e concelleiras teñen dereito a obter da Alcaldía tanta información sexa necesaria para o desenvolvemento do seu labor.

2.- O dito dereito rexeráse polas seguintes normas:

a) Os membros da Corporación que ostenten delegacións terán acceso directo á información propia das áreas nas que exerzan competencias.

b) A documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día dunha sesión plenaria estarán a dispor dos concelleiros e concelleiras na Secretaría do Concello dende o momento da convocatoria e ata a súa celebración. Os concelleiros e concelleiras poderán obter copia de cantos documentos estimen oportunos.

c) Terán así mesmo dereito a obter dos funcionarios e funcionarias responsables cantos antecedentes dos asuntos a que se refire o parágrafo anterior, e fiquen no Concello, sen que sexa precisa autorización previa.

d) Os acordos e as resolucións ditadas polos órganos de goberno do Concello tamén estarán a disposición dos membros da Corporación.

e) Os membros da Corporación terán acceso a todos os documentos e información de libre acceso para a cidadanía.

f) O resto da documentación, agás a que estea afectada pola lexislación de protección de datos persoais ou a que puidese afectar aos dereitos constitucionalmente protexidos das persoas, estará a dispor do membros da Corporación, de acordo co seguinte procedemento:

- O acceso dos concelleiros e concelleiras ás informacións solicitarase por escrito dirixido á Alcaldía, no que se especificarán os documentos ou expedientes obxecto deste pedimento.

- A resolución da dita petición, que de ser negativa deberá de ser motivada, farase no prazo máximo dos cinco días naturais seguintes ao da presentación da solicitude.

- De non producirse a dita resolución, a autorización entenderase concedida, estando o persoal do Concello obrigados a facilitala.

- O acceso á documentación acreditarase mediante declaración da persoa que acceda ao mesmo, garantíndose o deber de confidencialidade nos casos nos que sexa aplicable.

3.- A consulta e exame concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral rexeráse polas seguintes normas:

a) Poderase realizar no arquivo ou na dependencia na que se atope a documentación, ben mediante entrega dos orixinais ou de copia. O libramento de copias limitarase aos casos de acceso libre dos concelleiros e concelleiras á información, ou aos que sexan expresamente autorizados pola Alcaldía.

b) En ningún caso a documentación poderá saír da Casa Consistorial ou das oficinas municipais.

c) A consulta dos libros de actas e resolución deberá facerse no lugar no que se atopen custodiados.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión poderá facerse unicamente no lugar no que se encontren a partir da convocatoria.

e) No caso de entrega do expediente a que se refire o apartado a), a persoa interesada deberá asinar un acuse de recibo

4.- Os membros do Concello terán a obriga de gardar reserva en relación coas informacións que se lle faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, e especialmente das que sirvan de antecedentes para decisións aínda non adoptadas, así como de evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada. Os concelleiros e concelleiras, no uso da información e da documentación á que teñan acceso por razón do seu cargo, deberán respectar os dereitos fundamentais das persoas, nomeadamente o dereito á intimidade, e non divulgarán as actuacións municipais que excepcionalmente teñan o carácter de secretas.

5.- Para evitar os custos e o dano ao medio ambiente que supón o exceso de copias, procurarase que toda a información sexa comunicada aos concelleiros e concelleiras interesados por correo electrónico ou calquera outra forma telemática, agás no caso de vontade en contra expresa da persoa interesada.

6.- Non se establecerán días e horas concretas para a consulta e a obtención de documentación, senón que se fará da forma máis inmediata posible, co criterio da máxima transparencia e respecto as funcións e dereitos dos concelleiros e concelleiras. En todo caso a celeridade na entrega da documentación estará supeditada ao funcionamento normal do Concello na atención ao público e na resolución dos asuntos urxentes. Se unha utilización excesiva deste dereito dese lugar a unha perturbación no normal funcionamento dos servizos municipais, a Alcaldía poderá adoptar as medidas oportunas para garantir o dito funcionamento, podendo denegar ou condicionar o exercicio do dereito á información dos concelleiros e concelleiras por medio de resolución motivada nos casos nos que dispoña a lei, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

7.- Os concelleiros e concelleiras non se poderán servir do seu cargo para obter informacións ou documentos nos que soamente teñan un interese persoal ou profesional. Tampouco poderán usar ou permitir que outras persoas usen esa información ou documentación para finalidades diferentes das derivadas do seu cargo.

Artigo 49.- Declaración de bens e actividades.

1.- Os concelleiros e concelleiras están obrigados a declarar en:

a) Sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles xere ou lles poida xerar ingresos económicos

b) Sobre os seus bens patrimoniais

2.- As dúas declaracións formularanse perante a Secretaría da Corporación consonte os modelos aprobados polo Pleno, e inscribíranse en senllas seccións do Rexistro de intereses do Concello.

3.- As declaracións dos concelleiros e concelleiras sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles poida xerar ingresos terán carácter público. No caso de declaracións patrimoniais que poidan afectar a terceiras persoas, só serán públicas previa autorización das persoas afectadas.

4.- As declaracións débense presentar antes da toma de posesión do cargo; así mesmo, tamén se deberán presentar durante o mandato no caso de que se produza unha variación patrimonial ou no exercicio de actividades privadas. Neste último caso, o prazo para presentar a declaración será dun mes.

5.- Con motivo da finalización do mandato ou renuncia dos membros da Corporación asemade deben presentar as declaracións de bens e actividades.

TÍTULO V. ESTATUTO DAS VECIÑAS E VECIÑOS.

Artigo 50.- Da participación veciñal.

1.- Os veciños e veciñas do Concello de Barreiros poden participar na actividade municipal por si mesmo ou a través das organizacións veciñais ou sectoriais que constituán, de acordo co previsto na lei e neste regulamento.

2.- Son dereitos básicos da veciñanza os de información, participación e asociación.

3.- En todo caso, este Regulamento non limita os dereitos das veciñas e veciños naqueles expedientes nos que interveñan como persoas interesadas ou afectadas.

4.- O Concello promoverá a democracia participativa e a implicación activa da poboación na vida municipal. Nomeadamente, o Concello poderá regular as iniciativas populares, así como a participación veciñal na definición dos obxectivos e das actuacións recollidas nos orzamentos municipais.

Artigo 51.- Do dereito de información.

1.- Os veciños e veciñas teñen dereito a obter do Concello información veraz e completa sobre a actividade municipal e sobre os acordos e resolucións dos órganos municipais.

2.- Os veciños e veciñas do Concello terán dereito a acceder aos expedientes e arquivos municipais nos termos que sinala a lexislación vixente.

3.- Os Plenos do Concello serán públicos, e as súas actas faranse públicas, cando menos, na páxina web municipal.

4.- O Concello manterá e actualizará a páxina web institucional, na cal inserirá aquela información que poida ser de interese xeral sobre o municipio, e promoverá que a cidadanía faga uso das novas tecnoloxías para se informar sobre as políticas, os servizos e as actuacións municipais.

Artigo 52.- Da participación veciñal no Pleno.

1.- Cando unha entidade ou un veciño ou veciña formule unha proposta de actuación municipal de interese xeral ou unha iniciativa popular, a Presidencia poderá requirir a presenza da persoa autora ou representante na sesión do Pleno que corresponda, aos efectos de explicala e defendela antes de que o Pleno entre no debate do dito asunto.

2.- Ao remate dos Plenos a Presidencia abrirá unha quenda de rogos e preguntas por parte do público asistente á sesión, que versarán sobre temas concretos de interese municipal. Non poden ser obxecto de tratamento plenario intereses particulares concretos. Corresponde á Presidencia ordenar e pechar a dita quenda.

3.- As persoas que non formen parte da corporación poderán dirixir preguntas por escrito á presidencia da mesma, que serán lidas respostadas unha vez finalizada a quenda de rogos e preguntas incluída na orde do día, sempre que se fixeran chegar con indicación de interese para tratamento pola corporación con unha antelación mínima de 24 horas previas á celebración do mesmo. Para a súa formulación e resposta aplicarase analoxicamente o procedemento establecido para as preguntas plenarias.

Artigo 53.- Do dereito de asociación.

1.- Os veciños e veciñas poderán constituír asociacións de ámbito territorial ou sectorial para a súa participación na actividade municipal e a defensa dos seus intereses.

2.- A pertenza ás asociacións é libre para os veciños e veciñas, e o seu funcionamento será democrático e consonte á normativa vixente.

Artigo 54.- Do rexistro das asociacións.

1.- O Concello creará e manterá un Rexistro municipal de asociacións, no que se inclúen aquelas legalmente constituídas que así o soliciten.

2.- Establecerase regulamentariamente a documentación que se precise para a inscrición das asociacións no rexistro.

Artigo 55.- Das relacións entre o Concello e o movemento asociativo.

1.- As relacións entre o Concello e o movemento asociativo establécense baixo os criterios de colaboración, cooperación e información mutua.

2.- O Concello, na medida das súas posibilidades, poderá colaborar no financiamento das actividades das asociacións municipais cando desenvolvan actuacións que son de interese público.

Artigo 56.- Do uso de inmobles e locais.

1.- O Concello poderá ceder o uso de inmobles da súa propiedade ás asociacións de carácter territorial en cuxo ámbito se encontren situados, mediante a sinatura do correspondente convenio.

2.- Igualmente, e dentro das súas posibilidades, o Concello facilitará locais municipais ás asociacións de carácter sectorial que o soliciten.

3.- O uso destas instalacións poderá ser compartido por varias asociacións cando a súa natureza o permita.

4.- O Concello reservarase o dereito de uso das ditas instalacións, de xeito coordinado coas asociacións ás que estean adscritas.

Artigo 57.- Da participación das asociacións nas sesións do Concello.

1.- As persoas representantes das asociacións poderán ser invitadas a participar nas sesións das Comisións Informativas, aos efectos de escoitar o seu parecer ou recibiren o seu informe sobre un tema concreto que lles afecte.

2.- As entidades asociativas poderán presentar para o seu debate no Pleno, iniciativas populares que recollan propostas de actuación dentro do ámbito municipal.

3.- Cando algunha asociación queira efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, deberá solicitalo á Presidencia con vintecatros horas de antelación ao comezo da sesión. Coa autorización da Presidencia poderá, con anterioridade ao debate da proposta incluída na orde do día, expor o seu parecer durante un tempo máximo de cinco minutos e a través dunha única persoa representante. En caso de existir máis dunha entidade que manifeste o seu interese en tomar parte en dito punto, a Alcaldía disporá o reparto e o tempo máximo de intervencións, non podendo superar, no seu conxunto, os dez minutos.

Artigo 58.- Dos Consellos parroquiais e/ou sectoriais e outras formas de participación directa colectiva.

1.- Cando as circunstancias o aconsellen, poderanse constituír Consellos parroquiais e/ou sectoriais ou outras formas de participación directa colectiva para canalizar a participación das asociacións na vida municipal e coordinar a súa actividade.

2.- No acordo da súa creación, o Pleno establecerá a súa composición, organización e ámbito de actuación.

3.- A súa presidencia corresponderá a un membro da Corporación, nomeado e separado libremente pola Alcaldía.

Disposición transitoria. Normativa precedente.

Os regulamentos e outras normas municipais aprobadas con anterioridade a este regulamento manterán a súa vixencia naquilo que non contradiga o recollido no presente documento.

No caso de seren modificadas, as normas afectadas pola liña anterior sufrirán o proceso indicado neste regulamento.

Disposicións finais.

Primeira.- Lexislación supletoria.

No non previsto neste regulamento estarase ao establecido na lexislación vixente e especialmente no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ou da normativa que o substitúa.

Segunda.- Vixencia.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez cumpridos os requisitos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, e se publique o seu texto de conformidade co artigo 70.2 do mesmo texto, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou expresa derogación.

Barreiros, 2 de decembro de 2019.- A Alcaldesa Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3677

CHANTADA*Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada, na sesión do día 28/11/2019 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguinte modificación das ordenanzas correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días, na Secretaría deste Concello, período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 29 de novembro de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3662

O CORGO*Anuncio*

MARCO ANTONIO GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO),

CERTIFICO:

O Pleno, en sesión de 10 de outubro de 2019, acordou aprobar a modificación da ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

En cumprimento dos artigos 49 e 70 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o seu texto íntegro:

*“Modificación da ordenanza fiscal do **Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras**, engadindo un artigo do seguinte teor:*

“7.-

a) Establécese unha bonificación potestativa do 50 % da cota tributaria deste imposto pola realización de calquera construción, instalación ou obra que se vaian a construír con destino exclusivo a actividades agropecuarias e de xestión forestal e apoio a esta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulado artigo 103.2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobó o Texto Refundido de Lei reguladora das Facendas Locais.

Aos efectos desta ordenanza fiscal, entenderase como actividade agraria e forestal:

A) Actividade agraria

a) O conxunto de traballos que se requiran para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais ou para o mantemento das terras en boas condicións agrarias ou ambientais.

b) A venda directa por parte de agricultores da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta, cuxo produto final estea incluído no Anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos

elementos que integran a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.

c) A actividade que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación agraria.

Enténdese por explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente pola persoa titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida a unidade económica sen personalidade xurídica que é constituída por un matrimonio ou parella unida por análoga relación de afectividade para a xestión conxunta da explotación agraria.

B) Por actividade forestal:

Enténdese por tal exclusivamente o conxunto de actividades de índole técnica e material relativas á conservación, mellora e aproveitamento que teñan como base territorial o monte e, en especial, os madereiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, e os non madereiros do monte, como o corcho, a castaña, os pastos, a caza, os fungos, as prantas aromáticas e medicinais, os produtos apícolas e os demais produtos e servizos característicos dos montes, a silvicultura, a investigación forestal, a provisión de material forestal de reprodución, a prestación de servizos forestais.

Para obter esta bonificación os suxeitos pasivos deste imposto deberán solicitalo ao concello, achegando xunto a súa solicitude a seguinte documentación:

-Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, no caso de explotación agropecuarias.

-Certificado actualizado de inscrición da empresa no Rexistro de empresas do sector forestal de Galicia.

-Certificado do Ministerio de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade.

- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia nin con este concello, nin coa Seguridade Social.

-Xustificante ou indicación da resolución ou acordo municipal de concesión de licenza das construcións, edificacións e instalación destinadas a explotacións agrarias (se comprobará de oficio)."

Disposición final.- A presente disposición entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2020."

Contra este acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio, de conformidade co establecido no artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O SECRETARIO, Vº E PRACE, O ALCALDE, FELIPE LABRADA REIJA.

Guitiriz, 29 de novembro de 2019.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija

R. 3678

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria para a creación dunha segunda bolsa de emprego temporal de Auxiliares de Axuda no Fogar mediante concurso de méritos 2020-2022. Expte. 1042/2019

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 28/11/2019 aprobáronse as bases para a creación dunha 2ª bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar para posibles substitucións do persoal contratado ou acumulación de tarefas mediante o sistema de concurso de méritos.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases desta convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>).

Guitiriz, 2 de decembro de 2019.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3679

SAMOS*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03.10.2019 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 2º trimestre de 2018, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como período de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 26 de novembro de 2019.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3680

TABOADA*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 29 de outubro de 2019, sobre expediente de suplemento de crédito por importe de **67.172,00 €**, (MC/24/2019) modalidade **suplemento de créditos** como se indica a continuación

INCREMENTO DO GASTO**INCREMENTO DE INGRESOS DO ORZAMENTO DE 2019**

CONCEPTO	IMPORTE
870	67.172,00 €
TOTAL INGRESOS	67.172,00 €

INCREMENTO EN GASTOS DO ORZAMENTO DE 2019

Progr	Económica		Importe
323	45000	A la administración general de las CCAA	8.100,00 €
341	22799	Otros trabajos realizados por empresas	7.000,00 €
2313	22799	Otros trabajos realizados por empresas	23.572,00 €
2313	23120	Locomoción personal no directivo	3.500,00 €
172	22799	Otros trabajos realizados por empresas	20.000,00 €

1621	21300	Maquinaria, instalaciones técnicas y utilitaje	5.000,00 €
		TOTAL	67.172,00 €

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Taboada, 2 de decembro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3681

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA

Mediante Resolución da Alcaldía do 2 de decembro de 2019, aprobouse a Oferta de Emprego Público Extraordinaria, correspondente ás prazas que a continuación se relacionan, para o ano 2020, e correspondente a proceso de consolidación/estabilización de emprego temporal, mediante concurso-oposición, ao abeiro do acordo do Pleno de data 28 de novembro de 2019.

Denominación das prazas:

-2 prazas de laboral fixo de limpadoras.

-1 praza de laboral fixo de monitor de deportes/técnico deportivo.

-1 praza de funcionario auxiliar administrativo (cobertura vacante da Relación de Postos de Traballo posto 1005, C2, denominación: auxiliar administrativo)

Taboada, 02 de decembro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar

R. 3692

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/21892

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 27 de noviembre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de Agua Abraido, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del manantial Fonte de Abraido sito en Armesto, T.M. de Becerreá (Lugo), con destino a abastecimiento a dos viviendas, uso ganadero y riego.

Oviedo, 27 de novembro de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez Castrillón.

R. 3682

Anuncio

Expediente: A/27/22162

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 27 de noviembre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Navia de Suarna, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del río Corbeira en A Proba, T. M. de Navia de Suarna (Lugo), con destino a abastecimiento a A Proba de Navia y Barcia.

Oviedo, 27 de novembro de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez Castrillón.

R. 3683

*Anuncio***Expediente: A/27/21839**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 27 de noviembre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Etelvina Fernández Díaz, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del manantial Fonte Pena Mas sito en el monte de Miñide, parroquia de Vilar da Cuiña, T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a abastecimiento a vivienda en Liñares de Bidul.

Oviedo, 27 de novembro de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez Castrillón.

R. 3684

*Anuncio***Expediente: A/27/21493**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 28 de noviembre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Amable Fernández González, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua de los manantiales Duela y Río Frío en Monte de Lago (Fontarón), T. M. de Becerreá (Lugo), con destino a uso ganadero.

Oviedo, 27 de novembro de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez Castrillón.

R. 3685

*Anuncio***Expediente: A/27/21853**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 28 de noviembre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de Agua de O Pacio-O Mosteiro, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del manantial de Rumián en Santo Tomé, T.M. de Cervantes (Lugo), con destino a abastecimiento a O Pacio y O Penedín.

Oviedo, 27 de novembro de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez Castrillón.

R. 3686

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA E MINAS. SECRETARÍA DE ESTADO DE ENERGÍA*Anuncio*

Resolución de la Dirección General de Política Energética y Minas, por la que se desestima la solicitud de autorización administrativa y de declaración, en concreto, de utilidad pública de la instalación de un nuevo grupo hidráulico y sus infraestructuras de evacuación asociadas, que constituiría la central hidroeléctrica denominada Peares III, en el término municipal de Carballedo (Lugo), promovida por Naturgy Generación, S.L.U. y se procede a la devolución de la garantía constituida.

Gas Natural Fenosa Generación, S.L.U., solicitó autorización administrativa previa, autorización administrativa de construcción y declaración, en concreto, de utilidad pública de la instalación que se cita.

Con anterioridad, la Secretaría de Estado de Medio Ambiente del entonces Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente había formulado Declaración de Impacto Ambiental favorable a la realización del proyecto Modificación de características de concesión del salto de Los Peares (Lugo), central hidroeléctrica de Peares III, concretada mediante Resolución de fecha 11 de diciembre de 2012.

De acuerdo a lo establecido en el artículo 66 bis del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministros y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica modificado por el Real Decreto 1074/2015, de 27 de noviembre, por el que se modifican distintas disposiciones en el sector eléctrico, con fecha 9 de junio de 2016, Gas Natural Fenosa Generación, S.L.U., constituyó aval bancario por importe de 1.570.000 €, para garantizar la tramitación de la solicitud de acceso a red de distribución de la instalación de producción proyectada consistente en la Central Hidroeléctrica Peares III, de 157 MW de potencia.

Con fecha 1 de agosto de 2018 Gas Natural Fenosa Generación S.L.U. ha procedido a un cambio de denominación social pasando a llamarse Naturgy Generación S.L.U.

Con fecha 30 de diciembre de 2018, Naturgy Generación S.L.U. solicitó, de acuerdo a lo dispuesto en la Disposición transitoria tercera del Real Decreto-ley 15/2018, de 5 de octubre, de medidas urgentes para la transición energética y la protección de los consumidores, la devolución del aval depositado, renunciando así a su derecho de acceso y conexión.

Esta disposición, establece que las instalaciones que dispongan de los permisos de acceso y conexión antes de la entrada en vigor del presente real decreto-ley y no vayan a cumplir los plazos introducidos mediante el presente real decreto-ley, podrán renunciar a su derecho de acceso y conexión en el plazo de tres meses a contar desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, procediendo a la devolución de la garantía.

Por otro lado, el artículo 53 de Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico establece que la autorización administrativa de instalaciones de generación no podrá ser otorgada si su titular no ha obtenido previamente los permisos de acceso y conexión a las redes de transporte o distribución correspondientes.

Con la información anterior se ha elaborado una propuesta de resolución que se ha sometido a audiencia de Naturgy Generación S.L.U. y Unión Fenosa Distribución, que responde confirmando la vigencia de los permisos de acceso y conexión.

El artículo 42 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de aplicación a los procedimientos ya iniciados con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 39/2015, de 1 octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas según dispone la Disposición transitoria tercera de esta última ley, establece que la Administración está obligada a dictar resolución expresa en todos los procedimientos y a notificarla cualquiera que sea su forma de iniciación. En el mismo sentido se expresa el artículo 21 de la Ley 39/2015.

Asimismo, el artículo 94 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, en el mismo sentido que el extinto artículo 90 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, establecen que todo interesado podrá desistir de su solicitud.

Teniendo en cuenta todo lo anterior, esta Dirección General,

RESUELVE

Primero. - Desestimar la solicitud de autorización administrativa y de declaración, en concreto, de utilidad pública de la instalación de un nuevo grupo hidráulico y sus infraestructuras de evacuación asociadas, que constituiría la central hidroeléctrica denominada Peares III, en el término municipal de Carballedo (Lugo), promovida por Naturgy Generación, S.L.U., acordando el archivo del expediente.

Segundo.- Cancelar la garantía constituida mediante aval por Naturgy Generación, S.A.U. y proceder a su devolución.

De acuerdo con lo dispuesto en los artículos 121 y 122 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y en el artículo 62.2.i) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, contra la presente Resolución, que no pone fin a la vía administrativa, puede interponerse recurso de alzada ante el Secretario de Estado de Energía en el plazo de un mes a partir del día siguiente al de su publicación en el «Boletín Oficial del Estado».

9 DE OCTUBRE DE 2019.- LA DIRECTORA GENERAL, María Jesús Martín Martínez.

R. 3687